Manuel Rodríguez López
Farigola 10, 2º 2ª
Barcelona - 6

Barcelona, 6/9/77

Srta. Mª Dolores Soto
Villalba

Distinguida Srta.:

Casi recén chegado a Barcelona e ainda coa añoranza das inesquecibles horas pasadas na compañía de Vdes en Villalba, coido obligación repetirlle unha vez máis o agradecemento da miña esposa e meu propio polas atencións con que nos honraron.

Adxúntolle fotocopia do poema que gañou o 1º premio o pasado ano en Sarria - e que tiven a gran satisfación de recibir do noso Dn. Manuel Fraga - e a fotocopia tamén do conto premiado, na mesma vila, que conquerín iste ano.

Teño diante de min as suas declaracións a "El Ideal Gallego" e créame que me agradaría ser villalbés pra poder votar pola segunda alcaldesa. Por outra banda comprendo a fatalidá do "péndulo" e hai que estudiar fondamente as posibilidás e o momento. Estamos

vivindo intres de verdadeira pena e irresponsabilidá e quizaves, como di Fraga nas derradeiras declaraciós, dentro de 2 ou 3 anos as circunstancias serán millores.

Perdoe istas divagaciós políticas debidas ó nervosismo que estóu a vivir nista gran cidá ¿ Poderemos algún día voltar á nosa terra?

Reciba un cordial saúdo da miña señora e meu.

s. s. s.